



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede de actas de sesións anteriores (27/09/2023)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27/09/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal núm. 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) (Expediente núm. 2023/G016/000003)

Dáse conta do seguinte informe da Comisión especial de contas do día 24/10/2023.

Visto a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) para incrementar a carga tributaria derivada da imposición deste imposto para adecuar a recadación á realidade actual, caracterizada por un incremento nos últimos anos dos servizos aos que o concello debe atender así como do custo da súa prestación, o que está a contribuír no aumento da situación estrutural de remanente de tesouraría negativo que este concello debe sanear por imposición legal segundo o artigo 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Considerando que a cota tributaria esixida no IVTM correspóndense co cadro de tarifas publicadas na aprobación definitiva do imposto no BOP núm. 299 do 30.12.2004, sen que foran modificadas nos últimos case 20 anos, e nas que se viña aplicando un coeficiente de incremento do 1,10.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Considerando a posibilidade que establece o artigo 95.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de incrementar as cotas establecidas no cadro de tarifas, mediante a aplicación sobre elas dun coeficiente que non poderá ser superior a 2, propónse modificar o artigo 8º “cota tributaria” de acordo co seguinte:

<i>Coeficiente de incremento actual</i>	<i>1,10</i>
<i>Coeficiente de incremento proposto</i>	<i>1,35</i>
<i>Importe padrón 2023</i>	<i>271.699,66 euros</i>
<i>Importe previsión incremento</i>	<i>333.448,84 euros</i>

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000003 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que veñen hoxe catro ordenanzas fiscais a pleno e fará unha argumentación xeral para as catro e en cada unha delas uns pequenos matices.

É unha realidade evidente e obvia que as administracións locais en xeral, gobernadas polo partido que sexa, están sufrindo unha asfixia polo déficit crecente de todos os servizos municipais. Tendo os mesmos ingresos ao longo deste ano hai uns maiores custes na prestación dos servizos; como pasa co SAF, a escola infantil, abastecemento ou sumidoiros. Houbo melloras salariais, que todos defenden, aumento dos custes de subministracións, etc. Todos os custes foron subindo durante estes últimos anos e os ingresos mantivéronse igual.

Ao mesmo tempo tamén aumentaron os servizos, como por exemplo o servizo de limpeza das escolas unitarias, que antes era de dous días á semana e agora son cinco.



Por outro lado, Vedra era o concello que tiña a presión fiscal máis baixa de toda a comarca.

A isto súmase un problema xeneralizado a todos os concellos, que é o ter que asumir cada vez máis competencias impropias que lles impoñen a Xunta e o Estado, ou simplemente impoñen unha serie de novas obrigas sen acompañamento financeiro ao lado, como por exemplo a nova lei de benestar animal que impón unha serie de obrigas que supón unha serie de gastos a maiores aos concellos e non vén acompañada de financiamento; ou a obriga a partir de xaneiro de 2024 da separación do lixo orgánico, o cal vai supor un maior custe na prestación do servizo.

Todos estes axustes producen un incremento do remanente negativo.

Isto supuxo un debate no equipo de goberno, porque isto só ten dúas solucións: ou se subían os ingresos ou se recortaban os servizos. A decisión que tomaron de xeito unánime é que non se van recortar servizos. Vanse manter e na medida do posible melloralos, así como todas as axudas que se conceden a familias, entidades, asociacións, etc.

O grupo de goberno é consciente de que non é un bo momento para as familias porque a estas sóbelles o custe da vida ao igual que para o concello. Por iso, tiñan que facer unha combinación, de por un lado buscar unha subida razoada, razoable e prudente de certas taxas e impostos aplicables, e por outro lado acompañala dunha disciplina férrea na execución do gasto e ser máis eficientes no mesmo. O incremento destes ingresos non son suficientes, hai que valorar unha serie de aforros nos gastos que non afecten nin aos servizos nin ás axudas.

Hai circunstancias que se poden dar para aforrar unha serie de gastos que poidan levar a lograr os obxectivos que están marcados nesta lexislatura de eliminar ese remanente de tesourería negativo, sostibilidade e mantemento dos servizos e mellorar todo o que se poida mellorar.

A decisión do grupo de goberno foi facer estas actualizacións. Subir o IVTM e logo actualizar o IPC no que é abastecemento, lixo e rede de sumidoiros. Debateron se subir o IBI ou non e finalmente optaron por non facelo.

Recorda que o custe dos servizos vai seguir aumentando, por exemplo a hora do SAF está agora en 21 €, pero probablemente suba. Agora tamén se vai licitar de novo a xestión da escola infantil e debido a unha serie de subidas salariais, vai ser máis caro. En concellos veciños como A Estrada e Lalín, van subir o IBI.

Tamén buscaban outro obxectivo, que era manter unha similitude fiscal coa comarca. Canta máis presión fiscal, máis ingresos se reciben doutras administracións.

A pesares destas subidas, Vedra segue sendo un dos concellos que ten unha das presións fiscais máis baixa da comarca. Comparado con Boqueixón, e coa subida do IVTM, aínda segue sendo máis barato en Vedra; o IBI é o mesmo (0,44); abastecemento e saneamento, a pesares da subida, teñen custes similares, e o lixo está un pouco máis barato do que o vai ter Vedra. Noutros concellos como A Estrada e Teo, o IVTM está parecido, pero o IBI está bastante máis caro.

Respecto ao IVTM, os dous tipos de vehículos máis comúns, o que tiña un recibo de 38 € vai ter agora un recibo de 46 €; e o de 79 € sobe 17 €. Este último tipo de vehículo na Estrada custa 90 €, en Teo 89 € e en Boqueixón 107 €.

É consciente de que a oposición non vai votar a favor nin absterse, e se estiveran no seu lugar farían o mesmo.

O Sr. Pose, do BNG di que o discurso sería perfecto se o fixera uns meses antes das eleccións, porque xa sabían que isto ía pasar. Van aumentar o valor das casas municipais por un total duns 120/130.000 €. Sabían que isto ía pasar porque sabían cal era o valor do remanente de tesourería negativo (400.000 €) o que tecnicamente é unha débeda encuberta e tamén sabían que dende o Estado hai unha regulación que os obrigaba a aflorar esa débeda.

Quixeron facelo a través dun crédito, que tiña de vantaxe sobre a póliza, que contabilizaban 100.000 € de débeda anual nos orzamentos, o cal lles obrigaba tecnicamente a devolvelo neses catro anos e acabar con esa póliza e polo tanto co remanente de tesourería.

Logo resulta que os bancos non aceptaron participar diso por un criterio de precaución fiscal financeira, así que sabendo que tiñan que devolver 100.000 € anuais decidiron incrementar as



taxas municipais para compensar ese déficit estrutural que creou o propio grupo de goberno do PP.

Agora soben esas taxas porque o Estado obriga a pechar esa póliza. O problema é que agora non teñen un crédito e o que antes se contabilizaba como unha necesidade pagar orzamentariamente, agora teoricamente están obrigados a conseguilo en superávit, algo que nunca foron capaces de conseguir.

Dentro dun ano estarán co mesmo para intentar compensar eses cartos a costa dos veciños porque teñen unha necesidade de cubrir 100.000 € anuais como sexa. Se non conseguen renovar a póliza de crédito teñen un gran problema no concello. É un problema de incompetencia despois de 12 anos de goberno, crear unha débeda encuberta de 400.000 €.

Vaise por no suposto de que primeiro non xeran o superávit; segundo, nesta lexislatura é probable unha baixada de habitantes no concello, coa conseguinte baixada de ingresos (100.000/200.000 €), e contando con que non haxa que devolver ese crédito PAI en 2025. Se o BNG e o PSdeG-PSOE non conseguen un mecanismo para intentar asinar un convenio por esa devolución, teñen un problema. No caso de que se consiga asinar ese convenio, non son conscientes de que hai concellos que fixeron o seu traballo correctamente, e que se se evita a devolución dese crédito, gañan os que fixeron mal as cousas, como Vedra. Na Deputación non queda máis remedio que primar aos que fixeron as cousas correctamente e dalgún xeito Vedra vai pagar nestes catro anos.

Levaron ao concello a un nivel económico delirante e isto só lle pertence ao PP, non aos demais grupos municipais.

Se tiveran a máis mínima garantía de que unha promesa do PP valera para algo, incluídas todas as mocións presentadas pola oposición e aprobadas en pleno que tombaron unha tras outra, ao mellor o seu grupo abstíñase, porque entende que a situación económica do concello é grave. Non hai nada que lles garanta que o grupo de goberno vai ser capaz de acadar ese superávit de 100.000 €. Por outro lado o salario dos dous concelleiros e do Alcalde en catro anos é a débeda completa.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que entenden cal é a situación do concello e que haxa que modificar algunhas ordenanzas, pero parécelles que a porcentaxe é esaxerada, moi alta para tal e como está a economía da maior parte dos veciños de Vedra. A moitas familias pódelle supor un problema grande para a súa economía.

Por outro lado, subir o IVTM tendo en conta como están as vías municipais, case podería dicir que é un delito, xa que o seu estado é penoso e lamentable.

Coincide co BNG en que esa recadación de 100.000 € anuais vai ser para tapar algún buraco que tiña que ser xestionado doutra maneira.

Por outro lado, certas ordenanzas que se van modificar, como a do lixo e sumidoiros, non equiparan ingresos e gastos; o que implica que o concello vai ter que seguir poñendo moitos cartos.

Propón que se planifique unha mellor xestión no tema do lixo, que se intente concienciar aos veciños de que non se pode seguir por ese camiño, porque non lle parece normal o que o concello lle está a pagar a Sogama, nin é normal o que aparece nalgúns colectores de lixo en Vedra. Cre que se deben buscar alternativas para que isto non siga así, abrir máis días á semana o punto limpo, etc.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia respóndelle á voceira do PSdeG-PSOE, que efectivamente o problema é ese desfase, ese déficit crecente nos servizos municipais.

Cando o PP accedeu á alcaldía o SAF, servizo polo que aposta o equipo de goberno, o concello achegaba entre 40.000 € e 50.000 €. Foron aumentado as horas (preto de 40.000 horas) e o custe da prestación desas horas, e a Xunta e o Estado tiñan que sufragar o o 50% cada un do servizo de dependencia e non o están facendo. Agora mesmo isto supónlle ao concello un desfase de máis de 200.000 € ao ano. O mesmo pasa con outros servizos como a escola infantil cando saía a nova licitación para o ano, o que suporá uns 130.000 € das arcas municipais. Isto non ten que ver cunha mellor ou peor xestión e agrava a situación.



No desfase no servizo de recollida do lixo inflúe moito que o tema da xestión do punto limpo coa recollida de papel e plástico, antes co prezo que tiñan case compensaba os custes e agora non, o que supón un déficit de 70.000 €. A isto hai que engadirlle o que vai supor a recollida do orgánico. A lei di que o cobro das taxas ten que intentar cubrir os custes. Se se fixera así serían uns recibos desorbitados.

Toda esta combinación de servizos obriga a intentar diminuír o déficit na medida en que se poida, tendo en conta as circunstancias actuais.

Por outro lado, di que tentarán nestes catro anos o arranxo das vías municipais.

Respecto ao manifestado polo voceiro do BNG, di que cando expuxeron no pleno anterior ese saneamento para reducir ou eliminar o remanente de tesourería negativo, era independente disto. Son dous temas diferentes aínda que están conectados; canto máis déficit haxa nos servizos, máis dificultades haberá no remanente negativo.

Respecto á débeda do PAI, para el é un reto, nestes dous anos nos que é deputado provincial, poder avanzar na non devolución do mesmo.

Sobre esa débeda de 2.000.000 €, non hai eses 400.000 €. Se teñen a póliza non teñen crédito e viceversa. Cando o PP chegou á Alcaldía o remanente de tesourería negativo era de 500.000 € e nunha situación económica moito peor foron capaces de levantalo e incrementar servizos. Non está contento coa situación económica pero non é unha situación que non sexan capaces de levantar ou que lles obrigue a ter que reducir servizos ou axudas.

Entende que a oposición vote en contra a unha subida aos veciños.

O Sr. Pose, do BNG, di que lle parece ben que recoñezan que iso é débeda, e polo tanto a débeda é de 2.400.000 €.

A capacidade que vai ter na Deputación para negociar a devolución do PAI é a mesma que ten o BNG para negociar no concello, ningunha.

Respecto ao tema do lixo orgánico, recórdalle que o BNG en todas as lexislaturas trouxo a pleno unha moción para cambiar o modelo de xestión do lixo. Cando se falou do modelo de xestión porta a porta, precisamente levaba o tema da compostaxe que se se fixera no seu momento agora non tería un custe económico. O Sr. Costa e o Sr. Lema dixeron no seu momento que non se podía fiscalizar o lixo dos veciños de Vedra e pouco máis que os tratou de catetos.

É evidente que non vai reducir os servizos, como é o caso do SAF.

O peor de todo isto é que o PP sabía que había que facer isto e non o dixo na campaña electoral como fixo o BNG dicindo que o concello era inviable e había que mirar de onde sacar cartos. O PP ten o concello nunha ruína económica.

Intervén o Sr. Costa para pedirlle ao voceiro do BNG que retire o seu comentario sobre a súa persoa e Rogelio Lema, porque ninguén lle chamou catetos aos veciños e cre que debe ter respecto pola institución na que están, polos veciños e por as dúas persoas que nomeou.

O Sr. Pose, do BNG responde que efectivamente é unha interpretación propia. Cando alguén lle di desde esa parte que non entende aos veciños e que os veciños son particulares e diferentes a outros, esa é unha interpretación inxusta.

A Presidencia di que o voceiro do BNG segue insistindo en que o concello está na ruína e iso non é verdade, como poderá comprobar nos vindeiros meses e anos. Cre que descoñece a realidade dos concellos de Galicia.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

3º.- Aprobación, se procede, da modificación da *Ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana* (Expediente núm. 2023/G016/000001)

Dáse conta do seguinte informe da Comisión especial de contas do día 24/10/2023.

Visto a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación do servizo que está a producir un desequilibrio entre os



custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que a última modificación das tarifas entrou en vigor o 26.12.2012 (BOP núm. 245), propónse modificar o ANEXO de tarifas, mediante a actualización do IPC das cantidades en vigor (excepto nos epígrafes 1207 e 1208), coincidindo o importe proposto co seguinte:

<i>Modificación ordenanza aplicable dende</i>	<i>12/2012</i>
<i>Actualización IPC a</i>	<i>09/2023 (último dispoñible)</i>
<i>Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC</i>	<i>20,10%</i>

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe do 18.10.2023 que contén o estudo técnico - económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma.

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000001 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que o incremento é do IPC desde o ano 2012 ata agora. O recibo estaba en 68 € e pasaría a 82 €. De manterse as bonificacións do 10% / 15 % de Sogama, reflectiríanse no recibo.

A pesares da subida, no informe económico, os custes da prestación do servizo son de 303.000 € e a recadación prevista é de 196.000 € co que o desfase segue sendo de 100.000 €.

O Sr. Pose, do BNG, pregunta cal é o motivo polo que certos epígrafes non se actualizan dende o 2008.

A Presidencia responde que xa se debatera no seu momento porque eses dous epígrafes son os de fábricas, talleres de reparación de vehículos, mercados, supermercados, comercios; porque eles xa teñen que xestionar parte dos residuos que producen. No caso de mercados e supermercados hai recibos de 1.800,00 €. Isto xa se fixera no ano 2012.

O Sr. Pose, do BNG, cre que é demasiado que non se actualicen dende o 2008.



A Presidencia replica que xa daquela a reclamación que tiña algún supermercado era que non entendía, polo pouco lixo que xeraba, como pagaba 900 €, igual cós talleres que xestionan os seus residuos pero non xeran nada para o colector do lixo verde.

O Sr. Pose, do BNG, di que son cousas diferentes. Unha é a recollida do lixo e outra é que xeren un residuo que como parte do seu negocio custe cartos, co cal teñen que contar para xerar o seu negocio. Pregunta por que as granxas teñen que meter o zurro na terra e non o fai o concello.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por rede de sumidoiros (Expediente núm. 2023/G016/000004)

Dáse conta do seguinte informe da Comisión especial de contas do día 24/10/2023.

Visto a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa de rede de sumidoiros motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación do servizo que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que a última modificación das tarifas entrou en vigor o 28.12.2020 (BOP núm. 222), propónse modificar o artigo 5º “cota tributaria” mediante a actualización do IPC das cantidades en vigor (excepto para os importes por acometidas), coincidindo o importe proposto co seguinte:

<i>Modificación ordenanza aplicable dende</i>	<i>12/2020</i>
<i>Actualización IPC a</i>	<i>09/2023 (último dispoñible)</i>
<i>Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC</i>	<i>16,20%</i>

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe do 18.10.2023 que contén o estudo técnico - económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma.

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000004 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa de rede de sumidoiros de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



A Presidencia expón que é a actualización do IPC dende o ano 2020. Os custes disparáronse un 16%. O recibo pasa de 66 € a 76 €. Segundo o informe económico sempre foi un servizo moi deficitario. Os gastos están arredor dos 160.000 € e os ingresos previstos arredor dos 50.000 € co que o déficit é de 110.000 €. É certo que para o ano que vén hai un aumento importante de usuarios, pero tamén aumenta o custe de mantemento.

O Sr. González, do PSdeG-PSOE, di que non entende como se está a facer este traballo, porque hai xente no centro de Vedra que está a pagar recibos de urbana, e como ben saben o concello ten que ofrecerlles os servizos de auga, luz e sumidoiros, e non o teñen. En cambio lévase este servizo para outros lados.

A Presidencia recórdalle que se alguén está levando a rede de sumidoiros á parroquia de Vedra é o actual equipo de goberno. Antes houbo outras opcións políticas e non se preocuparon polo tema.

Un dos obxectivos do grupo de goberno é completar os vertidos ás depuradoras xa feitas, e neses obxectivos está a capital do concello. Está proxectado completar nestes catro anos a maior parte da parroquia de Vedra.

O Sr. Pose, do BNG, di que só faltaba que despois de 12 anos de goberno non fixeran o 16% da rede de sumidoiros da capital. A este ritmo farían falta 60 anos para acadar a rede de sumidoiros que ten Boqueixón. Neste mesmo período de tempo fíxose case o 100% en Santa Cruz.

O Sr. González, do PSdeG-PSOE, di que en doce anos podía estar máis estendido e é unha mágoa que non chegue ao concello ou ao centro de saúde. É incongruente pagar un recibo de urbana e que non se preste este servizo e que si o presten no medio dun monte.

A Presidencia di que son conscientes dese problema. É un dos servizos máis caros de facer e estender debido á distribución xeográfica e á orografía que existe. Están facendo un esforzo para acadar eses obxectivos.

O Sr. Pose, do BNG, replica que lle gustaría que fose un esforzo equitativo e non desproporcionado ou desequilibrado.

Intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG, para recordar que o seu partido propuxo hai anos outros modelos de saneamento que eran máis baratos, pero seguen a usar o modelo de sempre co cal é imposible acadar o 100% do concello.

O Sr. Pose, do BNG, di que este tema xa o faláron moitas veces e mesmo o propio conselleiro recoñeceu que o modelo actual é inviable. Hai concellos que teñen un proxecto piloto funcionando correctamente e en Vedra nunca se intentou.

A Presidencia replícalle que sempre di que hai moitos concellos onde funcionan outros modelos e agradeceríalle que dixese a que concellos ir e con quen falar. Si é certo que valoran outras opcións, e así llo transmitiron aos veciños, para que sexa máis sostible.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

5º.- Aprobación, se procede, da modificación da *Ordenanza fiscal núm. 20 reguladora da taxa polo abastecemento de auga* (Expediente núm. 2023/G016/000002)

Dáse conta do seguinte informe da Comisión especial de contas do día 24/10/2023.

Visto a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación do servizo que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que a última modificación das tarifas entrou en vigor o 25.06.2012 (BOP núm. 119), proponse modificar o artigo 5º “base imponible e cota tributaria” mediante a actualización do IPC das cantidades en vigor (excepto para os importes por obra civil de acometidas e altas de contratos), coincidindo o importe proposto co seguinte:

<i>Modificación ordenanza aplicable dende</i>	<i>06/2012</i>
<i>Actualización IPC a</i>	<i>09/2023 (último dispoñible)</i>



<i>Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC</i>	22,60%
---	--------

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe do 18.10.2023 que contén o estudo técnico - económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma.

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000002 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 20 reguladora da taxa polo abastecemento de auga de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que é a subida do IPC dende o 2012. Os gastos son de 154.000 € e os ingresos previstos son de 146.000 €, co cal o déficit é duns 8.000 €. É probable que o déficit sexa maior porque probablemente Boqueixón suba o prezo da auga debido aos custes enerxéticos.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para o apoio ao pobo palestino.

O Sr. Pose, do BNG, di que non vai facer unha exposición da moción porque todos son sabedores do tema polos medios de comunicación.

Cre que todos están de acordo en que Hamas cometeu un acto terrorista desprezable e que o Estado Israelí está esnaquizando aos palestinos. É unha guerra do Estado de Israel contra todos os palestinos, están forzando unha nakba (expulsión de 750.000 palestinos de Israel para poder ocupar o seu territorio no ano 48) e agora están facendo o mesmo aproveitando un acto terrorista, para provocar a expulsión de 1.500.000 habitantes de Gaza e poder ocupar o territorio, que xa están ocupando noutras partes de Palestina.

Cre que todos están de acordo en separa un gran pobo, que é o xudeu, dun goberno miserable.

A moción está redactada pola Axencia de Galicia pro Palestina. Solicita o voto favorable para a declaración de urxencia o o voto favorable á moción. Solicitan na moción que s pare a guerra e s permita a subministración de víveres.

A Presidencia di que segundo le a moción, non é exactamente o que soliciten. Cre que ninguén discute que están en contra da guerra, da violencia e das imaxes que se están vendo. Da guerra e da violencia, veña de onde veña, e todos están de acordo na defensa dos dereitos humanos.

Na moción mesturan cuestións humanitarias con outras que non o son e que requiren un certo acougo no debate.



Na moción hai unha posición política clara a favor de Palestina. Na moción pon que Hamas é unha das organizacións máis importantes da resistencia nacional palestina. Hamas é unha organización terrorista que realiza actos de barbarie á vista de todos, con reféns, etcétera. Isto non quere dicir que cando Hamas o 7 de outubro lanza 3.000 foguetes e cruza a fronteira para cometer barbaries, non exime a Israel de obviar as declaracións de Xenebra ou calquera outro tratado internacional que estableza a protección da poboación civil e defina os crimes de guerra. Cara o final da declaración hai palabras cara o pobo de Israel como xenocidio, limpeza étnica, etc.

Cando na moción se fala da defensa dos dereitos humanos, e en ningunha delas se fala de Hamas, cre que esa defensa ten que ser tanto dun lado como doutro.

Non quere mesturar posicións políticas coas circunstancias que ocorren. Para o grupo de goberno é moi fácil non votar a favor da urxencia e levala ao pleno seguinte para debater os puntos da moción salvo o primeiro e o segundo.

Expresa a súa petición: que se paren todas as hostilidades, actos de guerra e violencia tanto dun lado como doutro na franxa de Gaza, Israel e Cixjordania; que por parte de todos se respecten os dereitos humanos; que se manteñan abertos e seguros os corredores humanitarios nesa zona de xeito permanente e que se chegue a un acordo por parte de toda a comunidade internacional para resolver o conflito entre Israel e Palestina para que os dous históricos pobos acaden a paz e poidan vivir e convivir en harmonía.

Antes de votar a urxencia proponlle debater do punto terceiro en diante, que ten moito contido político noutro momento. Suxire que incorpore a frase “a fin dos actos terroristas de Hamas coa liberación inmediata de todos os reféns”.

Propón acordar os dous primeiros puntos da moción e deixar os outros para debater no seguinte pleno.

O Sr. Pose, do BNG, di que non é unha moción do BNG. É a moción dos palestinos que lle solicitaron o seu apoio.

Sobre a frase respecto a Hamas, non di que sexa desafortunada, pero hai que entender que Hamas é unha organización política que gañou unhas eleccións, que están defendendo unha autodeterminación e defendéndose de agravios constantes, pero iso non xustifica nin unha soa gota de sangue.

Se fose unha proposta do BNG non tería ningún problema en falar dela ou modificala, pero como non é así non van modificar nada.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, sinala que dicir que esta é unha guerra de igual a igual é unha vergoña que leva sucedendo décadas. Un estado de Israel con todos os apoios internacionais que ten, vai roubando anaco a anaco a un estado que estaba antes ca el nese territorio, dende o ano 48 cando se fundou Israel.

Hamas equivocouse ao darlle a Israel a oportunidade para acabar con todo, e coa complicidade de moitos países. Cre que é unha limpeza étnica.

A Presidencia entende o que di o voceiro do BNG a nivel de xestión da moción. Cre que este é un tema máis complexo e que na moción se mesturan posicións humanitarias con outras de carácter político que son susceptibles de debater.

Propón usar os dous primeiros puntos da moción sumándolle “e a fin dos actos terroristas de Hamas coa liberación inmediata dos reféns”.

A súa posición é persoal, nin política nin de partido. Está en contra de todo tipo de acción violenta, asasinato ou guerra.

Fai a proposta de deixar os outros puntos da moción para o seguinte pleno. Van votar en contra da urxencia para levar o debate ao seguinte pleno.

O Sr. Pose, do BNG, di que de aquí a un mes verán unha masacre en Palestina.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que están a favor deses dous puntos.

Posta a votación a urxencia, rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco a favor do BNG e PSdeG-PSOE.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto da convocatoria de reunión da mesa do centro de día e miniresidencia, di que xa foi o outro día, e de que se vai construír en Lamas é un rumor falso.

2º.- Sobre o centro de San Mamede, di que se todo vai ben en 2024, xa faláron coa directora do Agader para o financiamento e comprometéronse co concello; de feito xa mandaron un borrador do convenio. A idea é asinar un convenio para que se poida realizar e terminar no ano 2024.

3º.- Respecto do centro de saúde, di que non se retiraron eses cartos, senón que se traspasan para o orzamento do ano que vén. Para a semana ten unha xuntanza cos técnicos do Sergas sobre este tema. A primeira fase de rehabilitación do edificio, que non necesita modificación do PXOM, a idea é que s acometa ao longo do ano 2024.

4º.- Respecto ao cambio de día de pleno, di que non tivo nada que ver co acto de homenaxe.

Supón que o malestar desa persoa en concreto, coa que ten unha boa relación persoal, o certo é que descoñecía que estaba en Galicia.

En canto aos plenos, xa no pleno de constitución, se estableceu que se poderían mover á semana seguinte, basicamente porque ás veces non están a tempo os expedientes por carga de traballo ou complexidade.

5º.- Sobre a que se repare o local adxacente á escola de San Fins, no que segue entrando auga pola cuberta e que se licite o patio de xogos da escola de San Xián canto antes, di que toman nota.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os problemas coa empresa Monbus nos autobuses escolares e se houbo algún tipo de seguimento disto por parte do concello, a Presidencia di que Gerardo infórmao ao Sr. Vázquez das incidencias que suceden. A día de hoxe está todo correcto.

2º.- Respecto ao uso do idioma galego no parlamento, cre que cada grupo político llo ten que dicir ao seu grupo parlamentario.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o tema da residencia, di que xa está contestada.

2º.- Respecto ao saneamento en Bazar, di que as obras fanse conforme aos proxectos técnicos e á dirección técnica que os supervisa.

3º.- Sobre a viaxe do Sr. Vázquez a Portugal, responde que está dentro do proxecto WinErur, que é unha rede de cidades, polo tanto nas viaxes contempladas no proxecto o habitual é que viaxen representantes institucionais do concello participante. No caso da reunión de Portugal, ao Alcalde non lle resultaba posible estar presente e substituíno o Sr. Vázquez, que xa era coñecedor do proxecto ao participar noutros eventos relacionados con mesmo.

Nese evento de Portugal estaba a vicealcaldesa do concello de Bulgaria e os concelleiros portugueses. Polo tanto non viaxou en calidade de experto, senón como representante institucional do concello participante nunha rede de cidades.

Nesta ocasión intentouse levar unha representación do tecido asociativo que ten unha certa relación coa temática do evento, polo que había membros da comisión organizadora da Festa do viño, da asociación Amabul ou Acuxuve.

Pode preguntarlle ao persoal que coordina estes proxectos en futuras ocasións sen necesidade de facelo en pleno.

7º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:



1º.- Non foi o Sr. Costa o responsable de que se ampliara a ponte das cabras en San Xián. Iso sucedeu sendo Pedro Guitián alcalde, Odón Cobas concelleiro e Lendoiro presidente da Deputación de A Coruña. Recórdalle unha frase nunha carta aberta que lle fixo Pedro Guitián en La Voz de Galicia “onde quedou a concepción ética da política e o concepto moral da vida pública”.

2º.- No pavillón municipal cóase auga. Pregunta como é posible iso cando é unha construción feita recentemente.

3º.- Pregunta quen deseñou o aglomerado da explanada que hai en Santa Cruz diante do edificio público.

4º.- Na Xunta de Goberno aparece un plan de sostibilidade turística e etnogastronómico. Revisándoo levou unha sorpresa porque o reparto de 1,5 millóns de euros, para acadar un beneficio de 87.000 € repartidos en tres anualidades. O concello de Vedra comprométese a xestionar 500.000 € dos concellos de A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Teo e Val do Dubra. Cre que é un delirio tal e como están os funcionarios ao límite de traballo. Espera que se contrate persoal para facer ese traballo.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se se están facendo ou se van facer cursos de informática na aula Cemit.

2º.- Pregunta se xa hai algúns cartos concedidos para a obra do centro de saúde.

3º.- Hai zonas que non estaban incluídas nas obras do POS que se ía asfaltar por parte do concello segundo lle dixo o concelleiro de obras. A día de hoxe seguen sen estar asfaltadas e levan anos así. Pregunta cando o van facer.

4º.- Pregunta cantos habitantes ten o concello actualmente.

5º.- Solicita a actualización das ordenanzas na web municipal e unha revisión dos contidos da páxina web municipal.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- En referencia á comisión intermunicipal que tivo lugar o 23 de outubro respecto do centro de día, comentábase na mesma que probablemente subira o presuposto fixado no anteproxecto. Rógalles que vaian explorando diferentes vías de financiamento tal e como están as arcas municipais neste momento.

2º.- Sobre a licitación da escola infantil, pregunta se nalgún momento s valorou a xestión directa por parte municipal da mesma.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e vinte minutos.